

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 20 de febreiro de 2019

Asistentes:

Alba Castro, José Luis
Alvarez Sabucedo, Luis Modesto
Anido Rifón, Luis Enlago
Araujo Novoa, Diego
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan Carlos
Busto Castiñeira, Andrea
Busto Castiñeira, Laura
Cacero Rodríguez, Manuel
Calvo Ruibal, Natividad
Cardenal López, Antonio José
Carro Parafita, Pedro Manuel
Chinssi, Stefano Maria Giulio
Comesaña Alfaro, Pedro
Couto Cancela, Daniel
Cunhas Gómez, Inigo
Díaz Otero, Francisco Javier
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Docio Fernández, Laura
Dominguez Gómez, Miguel Ángel
Fandiño Otero, Antia
Fernández Barciela, Mónica
Fernández Bernárdez, José Ramón
Fernández Doval, Ángel Manuel
Fernández Manín, Generosa
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Sánchez, Manuel
García-Tuñón Blanca, Inés
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
Gómez Araujo, Marta
González Acuña, Iván
González González, Alfredo
González González, Jaime
González Rodríguez, Ramón
González Vázquez, Beatriz
Isasi de Vicente, Fernando
Juncos Cotoira, Candela
Lago Rando, Marcos
Lamas Nistal, Martín
López Ardao, José Carlos
López Bravo, Cristina
López Nores, Martín
López Valcarlos, Roberto
López Valcárcel, Luis Antonio
Lugilde López, Adrián
Machado Domínguez, Fernando
Marcos Acevedo, Jorge
Márquez Flórez, Óscar William
Martín Herrero, Julio
Martín Méndez, Alberto Lucio
Martín Rodríguez, Fernando
Martínez Portela, Roi
Martínez Souto, Sofía
Martínez Varela, Aurea
Mikie Fome, Fernando
Moñón Ojea, Artemio
Moldes Pita, Óscar
Mosquera Nartallo, Carlos
Moure Rodríguez, María José
Neira Veiga, Adrián
Obelleiro Basteiro, Fernando
Pazos Arias, José Juan
Pena Giménez, Antonio
Pérez Fontán, Fernando
Pino García, Antonio
Porta Lorenzo, Manuel
Poza González, Francisco
Prado Rial, Tomás
Puente Chantada, Sara
Quintás Graña, Camilo
Ramiro Comesaña, Xian
Raña García, Hermínio José
Rodríguez Bauga, Eduardo
Rodríguez Calvo, Eduardo
Rodríguez Couto, Óscar
Rodríguez Hernández, Pedro Salvador
Rodríguez Maijide, Jorge
Rodríguez Pardo, María Loreto
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl Fernando
Salgado Rigueira, Lionel
Santalla del Río, María Verónica
Santos Gago, Juan Manuel
Sobreira Seoane, Manuel A.
Torres Guijarro, María Soledad
Valdés Peña, María Dolores
Vera Isasa, María
Yáñez Mesia, Raúl

Desculpan a súa ausencia:

Costa Montenegro, Enrique
Costas Pérez, Lucía
De Lorenzo Rodríguez, María Edita
García Mateo, María del Carmen
Moldes Pita, Óscar
Suárez González, Andrés

CONVOCATORIA

DÍA: mércores, 20 de febreiro de 2019

HORA: 12:30 en primeira convocatoria, 13:00 en segunda

LUGAR: Salón de actos

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
2. Informe da Dirección.
3. Presentación do informe da memoria económica e liquidación do orzamento do ano 2018.
4. Presentación do orzamento para o ano 2019 e aprobación, se procede:
 - a. Da proposta de gasto da partida 221.02 (subministracións de docencia)
 - b. Da subvención ó XIX Foro Tecnolóxico de Emprego
5. Aprobación, se procede, da Planificación Docente Anual (PDA) do Grao para o curso 2019/20: Número de prazas de entrada no Grao, número de prazas por traslado de outros Graos e distribución de grupos de docencia no Grao.
6. Aprobación, se procede, dos criterios de reparto das horas asignadas á Dirección da Escola por recoñecemento de apoio ás actividades de docencia.
7. Aprobación, se procede, de cambios nas Comisións da Escola.
8. Asuntos de Delegación de Alumnos.
9. Asuntos de trámite.
10. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 horas do día 20 de febreiro de 2019 comeza en segunda convocatoria a sesión ordinaria da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, baixo a presidencia de D. Íñigo Cuiñas Gómez e actuando como secretario D. Miguel Ángel Domínguez Gómez.

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores

Apróbanse, por asentimento, as actas correspondentes á Xunta de Escola ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2018 e á Xunta de Escola extraordinaria celebrada o 13 de febreiro de 2019.

2. Informe da Dirección

O Director informa dos seguintes asuntos:

- Selo internacional de calidade EurACE.

O luns recibíuse o informe provisional da avaliación para a obtención do selo internacional de calidade. O resultado do informe é a obtención do selo internacional de calidade EurACE.

- Programas integrados.

O director da Escola acudiu onte a unha reunión da CODITEL (Conferencia de Directores de Escuelas de Ingeniería de Telecomunicación) en Madrid. Nesta reunión tratouse o tema dos programas integrados. Aprobouse o envío dunha carta á CRUE (Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas) apoiando a disposición adicional ó RD 1393/2007 redactada polos reitores das Universidades Politécnicas. O texto desta disposición adicional pactouse previamente co Ministerio de Educación.

- Captación de estudantes.

Vanse a retomar as visitas a institutos e colexios. En FaiTIC, no apartado de Comisións ETT, están subidos presentacións e vídeos para utilizar nestas visitas. Tamén hai unha Excel para que se apunten as persoas voluntarias para ir a promocionar as titulacións da Escola a institutos e colexios.

- Web da Escola.

A Web da Escola ten sufrido nestes últimos días varias caídas debidas a ataques externos. O mantemento interno (actualizacións de Joomla) está ó día, pero servidor da Universidade de Vigo que aloxa a páxina Web non ten a actualización de PHP adecuada. Polo tanto, vaise a cambiar a un servidor coa versión requirida de PHP.

- Xunta de Escola do 19/12/2018.

Presentouse un recurso de alzada contra a decisión de informes docentes adoptada na Xunta de Escola celebrada o 19 de decembro de 2019. Está pendente de resolución por parte do Consello de Goberno.

3. Presentación do informe da memoria económica e liquidación do orzamento do ano 2018

Preséntase a memoria económica e liquidación do orzamento da Escola do ano 2018 que se recolle no Anexo I desta acta.

4. Presentación do orzamento para o ano 2019 e aprobación, se procede:

- a. Da proposta de gasto da partida 221.02 (subministración de docencia)
- b. Da subvención ó XIX Foro Tecnolóxico de Emprego

Para o exercicio económico do ano 2019, a Escola ten un presuposto de 142.373 € e a Delegación de Alumnos de 3.000 €. O orzamento da Escola para o ano 2019 recóllese no Anexo II desta acta. Neste orzamento non está incluído o diñeiro partida 626 (laboratorios docentes).

Apróbase, por asentimento, a seguinte proposta de gasto da partida 221.02:

Partida 221.02: 26.629 €

Proposta de reparto de 13.400 € entre os Departamentos de acordo a seguinte táboa (realízase só asignación ós Departamentos con máis dun 1% de docencia e a asignación redondease á decena superior máis 10 €):

Departamento	Grao (horas)	MET (horas)	MC (horas)	Porcentaxe:	Asignación (€)
TSC	3.584	674	5	33,72%	4.530
ET	3.521	410	356	33,91%	4.560
TE	1.939	405	-	18,54%	2.500
MA-II	966	-	-	7,64%	1.040
OE	336	-	-	2,66%	370
FA	364	-	-	2,88%	400
CAV	49	-	-	0,39%	0
Dereito Penal	-	-	21	0,17%	0
Automática	-	-	11	0,09%	0

Proposta de asignar 2.550 € á materia “Laboratorio de proxectos”, tendo cada grupo desta materia un gasto máximo de 150 €.

Apróbase, por asentimento, destinar a cantidade de 500 € como subvención para a organización do XIX Foro Tecnolóxico de Emprego.

5. Aprobación, se procede, da Planificación Docente Anual (PDA) do Grao para o curso 2019/20: Número de prazas de entrada no Grao, número de prazas por traslado de outros Graos e distribución de grupos de docencia no Grao

Apróbase, por asentimento, fixar en 130 as prazas para a nova matrícula do Grao en castelán/galego e 20 para o Grao en inglés.

Apróbase, por asentimento, fixar as prazas para traslados doutros Graos para cumprir o mínimo de 2% imposto por normativa. Isto implica que serían 3 prazas para o Grao en castelán/galego e 1 praza para o Grao en inglés.

Apróbase, por asentimento, a distribución dos grupos de docencia no Grao que se recolle no Anexo III desta acta, condicionada a que no reitorado permitan a aplicación dos cambios de todas as materias do plan novo (nomes e cuatrimestres), incluíndo xa as de 3º e 4º curso. A Dirección comprométese a presionar para que se implante en bloque todo o plan novo. Se se consegue autorización para implantar en bloque todo o plan novo, faranse os axustes necesarios na Comisión Académica de Grao.

6. Aprobación, se procede, dos criterios de reparto das horas asignadas á Dirección da Escola por recoñecemento de apoio ás actividades de docencia

Preséntase unha proposta global de asignación de horas das bolsas de recoñecementos de actividades de xestión docente da Escola, do Máster en Enxeñería de Telecomunicación e do Máster en Ciberseguridade. As horas asignadas ós Másteres completaranse coa bolsa de recoñecementos da Escola no caso de que as horas da bolsa de recoñecementos do Máster non sexa suficiente.

Apróbase, por asentimento, a proposta de reparto presentada pola Dirección e que se recolle no anexo IV desta acta.

7. Aprobación, se procede, de cambios nas Comisións da Escola

Apróbase, por asentimento, o seguinte cambio nas Comisións da Escola:

- Comisión de Calidade
 - Generosa Fernández Manín substitúe a Guillermo García Lomba representando ó Máster en Matemática Industrial.

8. Asuntos de Delegación de Alumnos

Non hai.

9. Asuntos de trámite

Non hai.

10. Rogos e preguntas

O profesor Eduardo Rodríguez Banga pregunta polas axudas prometidas por a Xunta de Galicia para a financiación da titulación de Grao en inglés. O Director resposta que aínda non se fixo ningún ingreso dende a Xunta de Galicia pero que comprometeuse a facelo en breve. A Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria bloqueou unha cantidade suficiente do presuposto da Universidade para cubrir ós gastos de formación en inglés (de estudantes e profesorado) e de apoio as traducións.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 13:55 horas do 20 de febreiro de 2019.

Vigo, 20 de febreiro de 2019

O Director
Íñigo Cuiñas Gómez

O Secretario
Miguel Ángel Domínguez Gómez

ANEXO I

Memoria económica e liquidación do orzamento do ano 2018

MEMORIA ECONÓMICA E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2018

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN

Introdución

O importe do presuposto inicial asignado á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio 2018 sumaba un total de **158.526 €**. Se temos en conta que con posterioridade se recibiron ingresos para a realización da Cátedra de Ciberseguridade por importe de **15.000 €**, pola realización de cursos no centro por importe de **56,64 €** e incorporación de remanentes do ano 2017 por importe de **8.135,69 €**, o crédito definitivo alcanzou un total de **181.718,33 €**.

No que atinxe ós créditos para o ano 2018, ó igual que en anos anteriores os centros reciben financiamento por dúas vías:

- a) O financiamento básico do exercicio precedente coas mesmas partidas existentes dos capítulos II e VI, manténdose importes similares ós anos anteriores e coa mesma vinculación por artigos que permite que algún concepto excedentario financie ós debedores, manténdose nembargantes a vinculación a nivel de subconceptos no 226.01 “Atencións protocolarias” e no 226.02 “Publicidade e propaganda”.
- b) O financiamento condicionado por resultados do Contrato Programa do Centro.

Compre destacar na memoria do ano 2018, que neste exercicio mantéñense os mesmos elementos da clasificación económica de gastos dende o ano 2014 e que se corresponden co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos, que é a que veñen utilizando tanto o Estado como a Xunta de Galicia, para homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos coas demais administracións e para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

O estado de gastos confeccionarase aplicando: a) unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar (por exemplo, “111L Docencia”); b) unha clasificación orgánica que indica sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto (no noso caso “0007 Escola de Enxeñaría de Telecomunicación” e “AL07 Delegación de alumnos”); e c) unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo e que xerou cambios nas partidas que soportan os gastos reflectíndose a natureza do gasto e non o fin do mesmo.

A liquidación global do presuposto é a que se reflicte no cadro final (páx. 6), pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes ós conceptos principais do gasto.

CAPITULO II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

ARTIGO 21: Reparación, mantemento e conservación.

Concepto 212, 213 e 215: Reparacións, mantemento e conservación de edificios, maquinaria, instalacións e mobiliario

Como principais gastos imputados o **concepto 212** “reparacións do edificio e outras construcións”, cabe mencionar os seguintes traballos: acondicionamento de accesos a despachos torres A e B (13.845,86 €), diversas reparacións de albanelaría, pintura e aluminios no edificio incluíndo mantemento das cubertas (12.037,85 €) e pequenos traballos de reparación e mantemento de fontanería (5.320 €).

Debido a execución de gastos imprevistos non presupostados, realizáronse transferencias dende partidas excedentarias do Cap. II por un importe total de 7.000 € que incrementaron o crédito da partida, resultando finalmente un saldo positivo nesta partida de 4.495,97 € que en virtude da vinculación a nivel de artigo financiou o resto de conceptos do artigo 21 (ver cadro páx. 6).

No **concepto 213** recóllense aqueles gastos correspondentes ó “mantemento da maquinaria e instalacións do centro”. Os gastos principais en mantementos obrigatorios son: ascensores de xaneiro a decembro (4.138,21 €), instalación calefacción e aire acondicionado (5.445 €) e mantemento da instalación eléctrica de baixa tensión (1.552,43 €). Asemade acometéronse, por importe total de 7.979,83 €, melloras no sistema de climatización e calefacción da escola (reparación e substitución tubeiras calefacción, reparación equipos refrixeración, substitución condutos climatización, pequenas reparacións); pequenas reformas noutras instalacións (1.097 €), mantemento e reparación no sistema antiincendios da Escola por un importe total de 4.973 € (detectores e extintores), medidas correctoras e reparacións eléctricas por un importe aproximado de 6.000 €, diversas reparacións e actuacións no SAI por un importe aproximado de 9.000 €.

Por outra banda, executáronse os remanentes do ano 2017 que incrementan tanto o crédito definitivo da partida como os gastos da mesma e comprometéronse por importe de 3.300 € os créditos que non se puideron tramitar por mor das datas de peche de exercicio e que xa están incluídos no parágrafo anterior.

Resultando finalmente un saldo negativo nesta partida que foi financiado en virtude da vinculación por artigos dende o concepto 212 (ver cadro páx. 6).

No **concepto 215** inclúense gastos de pequenas reparacións de videoproxectores, impresoras e dos lectores biométricos por un importe total de 544 €. Asemade costeouse o acondicionamento de asentos das aulas por un importe de 5.191,43 €, resultando un saldo negativo na partida que foi financiado en virtude da vinculación por artigo dende o concepto 212 (ver cadro páx. 6).

ARTIGO 22: Material, subministracións e outros

Concepto 220: Material de oficina

Basicamente os gastos principais corresponden a: material de oficina centro, papel, material de imprenta incluíndo a encadernación de actas, mantemento das fotocopiadoras da secretaría e da conserxería do ano 2018 por un importe total aproximado de 8.000 €. Segundo a previsión de gastos transferíronse un total de 5.000 € á partida 212.02 (mantemento e reparación de edificios), resultando finalmente un saldo negativo na execución da partida que en virtude da vinculación por artigos sufragouse con outras partidas do artigo 22 (ver cadro páx. 6).

Subconcepto 221.01: Subministracións administrativas

Os gastos principais asumidos nesta partida son os correspondentes a material de mantemento do centro: material eléctrico, ferraxería, ferramentas, lámpadas, fluorescentes, novas lámpadas LED etc. (1.736 €). Neste subconcepto executáronse os remanentes incorporados e que incrementan tanto o crédito como o gastado nesta partida por importe de 2.316 €.

Por último, compre subliñar que na liquidación final da partida resultou un pequeno saldo positivo, que en virtude da vinculación a nivel de artigo financiou o resto de conceptos do artigo 21 (ver cadro páx. 6).

Subconcepto 221.02: Subministracións docentes

Incluíronse nesta partida os gastos de fotocopias, material funxible e en xeral tódolos de docencia relativos ás áreas segundo o reparto que neste concepto se fixo entre elas dende a Escola, e ademais asumíronse as subministracións de pequenos compoñentes eléctricos e informáticos para o mantemento das aulas da escola (22.813 €).

Atendendo as necesidades de adquisición de equipamento para o centro, e unha vez cubertas as necesidades de material funxible para a docencia, realizouse unha transferencia de crédito de 16.500 € á partida 625 “mobiliario e equipamento” do Centro.

Concepto 222: Comunicacións

Imputáronse nesta partida os gastos de comunicacións postais e de consumo de teléfonos móbiles autorizados con cargo a Escola (331 €), resultando un saldo positivo de 2.164 € que sufragou, en virtude da vinculación de créditos por artigo, as partidas deficitarias do artigo 22 (ver cadro páx. 6).

Por outra banda, comprometéronse por importe de 204 € créditos que non se puideron tramitar por mor das datas de peche de exercicio.

Concepto 223: Transportes

Imputáronse nesta partida, por un importe total de 2.450 €, todos os gastos xerados polo transportes necesarios para a realización das *prácticas de campo* debidamente autorizadas, resultando un saldo positivo de 49 € que sufragou, en virtude da vinculación de créditos por artigo, as partidas deficitarias do artigo 22 (ver cadro páx. 6).

Subconcepto 226.06 Conferencias

Imputáronse nesta partida, en execución das normas do presuposto, os gastos xerados polas actuacións autorizadas pola Dirección de cursos e conferencias impartidos na Escola por un importe aproximado 2.345 € (programa MEET, PAT, Máster en Ciberseguridade.....). Asemade compre sinalar que se executou nesta partida parte da dotación da Cátedra de Ciberseguridade.

É de sinalar que esta partida non ten dotación inicial (recibiuse unha pequena aportación por celebración dun curso na Escola de 56,64 €) polo que os gastos foron sufragados por partidas excedentarias do art. 22 segundo a vinculación existente.

Subconcepto 226.99: Outros gastos

Nesta partida imputáronse os gastos xerados pola colaboración da Escola no foro Tecnolóxico (500€), gastos de prácticas de campo (1.000 €) que non puideron pagarse pola partida de Transportes por mor das normas contables, abono do premio a mellor intervención artística no vestíbulo da escola (1.140 €) e por último o pagamento dos premios anuais no entorno da Cátedra de Ciberseguridade (3.500 €) que se executaron nesta partida .

Nesta partida recibíuse o ingreso de 15.000 € da Cátedra de Ciberseguridade sufragada pola empresa Deloitte e que foron posteriormente executados nas diferentes partidas do presuposto segundo a norma contable e que serán referenciadas en cada unha particularmente.

A partida resultou excedentaria en 19.000 €, cantidade que en virtude da vinculación por artigos permitiu sufragar o déficit doutras partidas do artigo 22 (ver cadro páx. 6).

Subconcepto 227.99: traballos realizados por outras empresas

Imputáronse nesta partida os custos das alfombras antihumidade (1.500 €), do servizo de destrución de documentación (1.100 €), do traslado dende o seu lugar de orixe da estación de radio cedida por Radio Pontevedra (700 €), limpeza das zonas exteriores con motivo da celebración de San Teleco (350 €), dunha auditoría de seguridade da web (1.300 €) resultando un saldo negativo na partida que se sufragou en virtude da vinculación de créditos do artigo 22 (ver cadro páx. 6).

Subconcepto 226.01: Atencións protocolarias (Vinculante a nivel de subconcepto)

Imputáronse por un importe total de 2.876 € tódolos gastos de protocolo debidamente autorizados pola Dirección do Centro resultando un pequeno saldo positivo de 242,58 €.

Subconcepto 226.02: Publicidade e propaganda (Vinculante a nivel de subconcepto)

Executáronse gastos de publicidade das titulacións impartidas no centro por importe de 778 €, transferíndose o crédito non consumido a partida 212 (mantemento de edificios) por importe de 2.221 €.

ARTIGO 23: Indemnizacións por razóns de servicio

Concepto 230 : Indemnizacións por razón de servicio

Imputáronse neste concepto, por unha banda as dietas e gastos de locomoción da dirección do Centro e por outra banda, e debido a aplicación das novas normas contables, os custos das conferencias e desprazamentos de promoción e internacionalización da titulación realizadas polo PDI funcionario e debidamente autorizadas cun importe aproximado de 1.600 €.

O artigo 23 resultou excedentario na súa execución o que permitiu realizar unha transferencia de crédito de 2.000 € á partida 625 “mobiliario e equipamento” do Centro.

CAPITULO VI.- INVERSIONES

ARTIGO 62: Inversión asociada o funcionamento dos servizos

Concepto 625: Mobiliario e equipamento

Neste concepto inclúense os gastos realizados con destino ós investimentos que van entrar por primeira vez en funcionamento tanto en novas instalacións como en concepto de reposición, destacando como principais gastos: reposición de mobiliario en despachos, aulas e servizos administrativos (3.077,12 €), material de equipamento de aulas e laboratorios (proxectores, encerados, micrófono, atril, ...) (5.419 €), adquisición de diverso material informático para reposición de equipamento nas aulas informáticas: pantallas, ordenadores, router, servidores, fontes (26.500 €), incluíndo neste epígrafe o investimento de parte da dotación da Cátedra de Ciberseguridade que foi transferido dende o capítulo II no cumprimento das normas de execución contable, instalación de novos lectores biométricos (2.000 €) e aportación de 4.650 € para a participación na adquisición da licenza do software Matlab por parte da Universidade.

É de subliñar que esta partida resultou deficitaria, polo que foi financiada con transferencias de crédito dende diversas partidas que resultaron excedentarias na súa execución por un importe total de 18.721 €.

Asemade executáronse remanentes do 2017 por un importe de 4.000 € que aumentaron tanto o estado de ingresos como o de gastos da partida.

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO E.E.TELECOMUNICACION 2018

CRÉD. DEFINIT. GASTADO COMPROMETIDO DISPOÑIBLE

CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Vinculantes a nivel de artigo

Art. 21.- Reparación, mantemento e conservación

212	Edifícios e outras construcións	35.700,00	31.204,03	0,00	4.495,97
213	Maquinaria, instalacións e utensilios	42.248,64	40.311,76	3.336,39	-1.399,51
215	Mobiliario e equipamento	2.700,00	5.736,00	0,00	-3.036,00
Total vinculante artigo 21:		80.648,64	77.251,79	3.336,39	60,46

Art. 22.- Material, subministracións e outros

220	Material de oficina	6.006,33	8.239,94	0,00	-2.233,61
221.01	Subministracións administrativos	4.316,91	4.053,36	0,00	263,55
221.02	Subministracións docentes	10.152,56	22.761,24	1.052,59	-13.661,27
222	Comunicacións	2.700,00	331,90	204,00	2.164,10
223	Transportes	2.500,00	2.450,10	0,00	49,90
226.06	Gastos conferencias	56,64	2.345,39	0,00	-2.288,75
226.99	Outros gastos	26.647,00	7.483,66	0,00	19.163,34
227.99	Traballos realizados por outros	1.499,37	4.956,52	0,00	-3.457,15
Total vinculante artigo 22:		53.878,81	52.622,11	1.256,59	0,11

Art. 23.- Indemnizacións por razón de servizo

230	Axudas de custo e locomoción	1.829,00	1.621,21	0,00	207,79
233	Outras indemnizacións	0,00	0,00	0,00	0,00
Total vinculante artigo 23:		1.829,00	1.621,21	0,00	207,79

Vinculantes a nivel de subconcepto

226.01	Atencións protocolarias	3.119,00	2.876,42	0,00	242,58
226.02	Publicidade e propaganda	778,63	778,63	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO II:		140.254,08	135.150,16	4.592,98	510,94

CAP. VI.- INVESTIMENTOS

Art. 62.- Inversións asociadas ao funcionamento dos servizos

625	Mobiliario e equipamento	41.464,25	40.654,76	809,49	0,00
TOTAL CAPÍTULO VI:		41.464,25	40.654,76	809,49	0,00

TOTAL CAPÍTULOS II IV E VI:	181.718,33	175.804,92	5.402,47	510,94
------------------------------------	-------------------	-------------------	-----------------	---------------

DELEGACION ALUMNOS DA ESCOLA DE ENXEÑARIA DE TELECOMUNICACIÓN

Dende o exercicio económico 2013 modifícanse os elementos da clasificación económica de gastos que aínda non se correspondían co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009 da Dirección Xeral de Presupostos para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica e como resultado da aplicación deses criterios nacen contablemente como centros de gasto diferenciados as Delegacións de Alumnos.

No exercicio 2018 o crédito inicial para a Delegación de alumnos da Escola de Enx.de Telecomunicación é de **3.000 €** reflectíndose a liquidación global do presuposto no cadro final (páx. 8) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes ós conceptos principais do gasto:

CAPITULO II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS

ARTIGO 22: Material, subministracións e outros

Concepto 220: Material de oficina

Imputouse un pequeno gasto de material de oficina (279,98 €) e o saldo positivo sufragou en virtude da vinculación por artigos o resto dos gastos afrontados dende a delegación.

Subconcepto 226.99: Outros gastos

Os gastos imputados nesta partida foron esencialmente os de organización, participación e asistencia dos membros da delegación a diversos Foros e Congresos (XXIX consello estatal de estudantes de Telecomunicación, asociación congreso de estudos de telecomunicación) por un importe total de **2.392,02 €**

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO delegación 2018

		CRÉD. DEFINIT.	GASTADO	COMPROMETIDO	DISPONIBLE
CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS					
Art. 22.- Material, subministracións e outros					
220	Material de oficina	500,00	279,98	0,00	220,02
226.06	Gastos conferencias	0,00	0,00	0,00	0,00
226.99	Outros gastos	2.172,00	2.392,02	0,00	-220,02
	TOTAL CAPITULO II	2.672,00	2.672,00	0,00	0,00
CAP. VI.- INCREMENTOS					
625	Mobiliario e equipamento	328,00	327,91	0,00	0,09
	TOTAL CAPITULO VI	328,00	327,91	0,00	0,09
	TOTAL CAPITULOS II E VI	3.000,00	2.999,91	0,00	0,09

ANEXO II
Orçamento da Escola para o ano 2019

PRESUPOSTOS EJERCICIO 2019

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACION

DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS DEFINITIVOS

1.- INTRODUCCIÓN

De acordo ao orzamento do ano 2019 da Universidade de Vigo os créditos dos capítulos II e VI distribúense de conformidade cos criterios de descentralización que se establecían no anexo I “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2019” do presuposto da Universidade de Vigo.

2.- CRÉDITOS CONSIDERADOS

Os créditos asignados terán como finalidade financiar os gastos de docencia así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro e como ven sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2019 os centros van recibir financiamento atendendo os seguintes criterios:

- a) Establécese un financiamento básico do presuposto do 2019 nos Capítulos II e VI que foi dotado segundo as necesidades do Centro e dos resultados acadados no Contratos Programa da Universidade, baseado en indicadores que teñen en conta a docencia, investigación, transferencia, adaptación a outras demandas sociais, proxección internacional e xestión.
- b) Incluída nos créditos do Centro establécese unha dotación diferenciada para a delegación de estudantes por mor dos requisitos da contabilidade analítica, individualizándose a nivel de clasificación orgánica no orzamento.

O igual que nos exercicios presupostarios anteriores na dotación dos créditos débese ter en conta que os gastos de teléfono xestionaranse de maneira centralizada, asemade os gastos destinados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.

Compre destacar no presuposto do ano 2019 a vinculación dos créditos por artigos, excepto os que se relacionan a continuación que vinculan no nivel de desagregación que se indica:

226.01 Atencións protocolarias
226.02 Publicidade e propaganda

O estado de gastos confeccionarase aplicando: a) unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar (por exemplo, “111L Docencia”); b) unha clasificación orgánica que indica sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto (no noso caso “0007 Escola de Enx. de Telecomunicación” e “AL07 Delegación de alumnos Telecomunicación”); e c) unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo.

No exercicio 2019 o orzamento inicial asignado á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación ascende a un total de **148.373 €** (Cadro I e Cadro II).

CADRO I

DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS **ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN**

Concepto	Denominación do gasto	Importes 2018	Importes 2019
212	Reparación, mant. edificio	28.700 €	28.700 €
213	Reparación, mant. instalacións	40.800 €	30.800 €
215	Rep., mant. mobiliario equip.	2.700 €	2.700 €
220	Material de oficina	10.954 €	7.954 €
221.01	Subministracións admntva.	2.000 €	2.000 €
221.02	Subministracións docentes	26.629 €	26.629 €
222	Comunicacións	2.700 €	2.700 €
223	Transportes	2.500 €	2.500 €
226.01	Atencións protocolarias	3.119 €	3.119 €
226.02	Publicidade e propaganda	3.000 €	3.000 €
226.99	Gastos diversos	11.647 €	8.494 €
227.09	Traballos outras empresas	1.371 €	1.371 €
230	Indemnización razón servizo	3.829 €	3.829 €
TOTAL CAPITULO II		139.949 €	123.796 €
625	Mobiliario e equipamento	18.577 €	18.577 €
TOTAL CAPITULO VI		18.577 €	18.577 €
TOTAL CAPÍTULO II E VI		158.526 €	142.373 €

No exercicio 2019 o orzamento inicial para o programa “AL07 da Delegación de alumnos” é o seguinte:

CADRO II

Concepto	Denominación do gasto	Importes 2017
220	Material de oficina	500,00 €
226.99	Gastos diversos	2.500,00€
TOTAL CAPITULO II		3.000,00 €

Os créditos asignados á Delegación de alumnos terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é necesario que por parte do Director ou Administrador do centro se solicite a correspondente modificación de crédito, sen que en ningún caso esta poida dar lugar a un incremento do gasto.

ANEXO III

**Planificación docente Anual do Grao para
o curso 2019/20**

Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

Materias da titulación

Curso: 2019/2020

Código	Contido	Área/Dep.	Cuad.	Cred.	N.Nv	N.Rep	N.To	N.Ef	N.LE	HA	HB	HC	GA	GB	GC	H.Matric	H.I.	TMG	Pres
1º Curso																			
G301101	Matemáticas: Álgebra lineal	D00t17	1SG	6	139	99	238	158	.00	42	14	0	3	8	0	12495	238	52,50	37,333333
G301102	Matemáticas: Cálculo I	D00t17	1SG	6	140	69	209	161	.00	42	14	0	3	8	0	10972,5	238	46,10	37,333333
G301103	Física: Fundamentos de mecánica e termodinámica	D00t08	1SG	6	141	76	162	162	.00	28	28	0	3	8	0	8505	308	27,61	37,333333
G301104	Empresa: Fundamentos de empresa	D00x09	1SG	6	139	16	155	155	.00	28	28	0	3	7	0	8137,5	280	29,06	37,333333
G301105	Programación I	D00t13	1SG	6	142	85	227	163	.00	28	28	0	3	8	0	11917,5	308	38,69	37,333333
G301106	Matemáticas: Cálculo II	D00t17	2SG	6	143	58	201	164	.00	28	28	0	3	8	0	10552,5	308	34,26	37,333333
G301107	Matemáticas: Probabilidade e estatística	D00t14	2SG	6	141	84	225	162	.00	28	28	0	3	8	0	11812,5	308	38,35	37,333333
G301108	Física: Análise de circuitos lineais	D00t14	2SG	6	142	72	214	163	.00	28	28	0	3	8	0	11235	308	36,48	37,333333
G301109	Informática: Arquitectura de ordenadores	D00t13	2SG	6	141	91	162	162	.00	28	28	0	3	8	0	8505	308	27,61	37,333333
G301110	Programación II	D00t13	2SG	6	130	0	130	130	.00	28	28	0	3	7	0	6825	280	24,38	37,333333
G301202	Física: Campos e ondas	D00t14	2SG	6	0	0	0	0	.00	28	28	0	0	0	0	0	0	0,00	37,333333
2º Curso																			
G301110	Programación II	D00t13	1SG	6	70	50	120	80	.00	28	28	0	2	5	0	6300	196	32,14	37,333333
G301201	Física: Fundamentos de electrónica	D00t11	1SG	6	94	76	170	108	.00	28	28	0	2	8	0	8925	280	31,88	37,333333
G301202	Física: Campos e ondas	D00t14	1SG	6	0	77	77	0	.00	28	28	0	2	2	0	4042,5	112	36,09	37,333333
G301203	Electrónica dixital	D00t11	1SG	6	93	25	118	106	.00	28	28	0	2	6	0	6195	224	27,66	37,333333
G301204	Comunicación de datos	D00t13	1SG	6	89	183	272	102	.00	28	28	0	2	6	0	14280	224	63,75	37,333333
G301205	Procesado dixital de sinais	D00t14	1SG	6	96	63	159	110	.00	28	28	0	2	7	0	8347,5	252	33,13	37,333333
G301206	Tecnoloxía electrónica	D00t11	2SG	6	93	92	185	106	.00	28	28	0	2	8	0	9712,5	280	34,69	37,333333
G301207	Transmisión electromagnética	D00t14	2SG	6	83	42	125	95	.00	28	28	0	2	6	0	6562,5	224	29,30	37,333333
G301208	Técnicas de transmisión e recepción de sinais	D00t14	2SG	6	82	117	199	94	.00	28	28	0	2	8	0	10447,5	280	37,31	37,333333
G301209	Fundamentos de son e imaxe	D00t14	2SG	6	89	24	113	102	.00	28	28	0	2	5	0	5932,5	196	30,27	37,333333
G301210	Redes de ordenadores	D00t13	2SG	6	90	103	193	103	.00	28	28	0	2	8	0	10132,5	280	36,19	37,333333
3º Curso																			
G300501	Servizos de internet	D00t13	1SG	6	71	76	147	81	.00	28	28	0	2	7	0	7717,5	252	30,63	37,333333
G300502	Circuitos electrónicos programables	D00t11	1SG	6	69	27	96	79	.00	28	28	0	2	6	0	5040	224	22,50	37,333333
G300511	Circuitos de radiofrecuencia	D00t14	1SG	6	11	2	13	12	.00	21	14	7	1	1	3	682,5	56	12,19	28,333333
G300512	Sistemas de comunicacións por radio	D00t14	1SG	6	14	0	14	14	.00	21	14	7	1	1	3	735	56	13,13	28,333333
G300513	Tratamento de sinais multimedia	D00t14	1SG	6	12	2	14	13	.00	21	14	7	1	1	3	735	56	13,13	28,333333
G300521	Sistemas de adquisición de datos	D00t11	1SG	6	15	0	15	15	.00	21	14	7	1	1	3	787,5	56	14,06	28,333333
G300522	Sistemas electrónicos de procesado de sinal	D00t11	1SG	6	16	0	16	16	.00	21	14	7	1	1	3	840	56	15,00	28,333333
G300523	Enxeñaría de equipos electrónicos	D00t11	1SG	6	18	0	18	18	.00	21	14	7	1	1	3	945	56	16,88	28,333333
G300531	Fundamentos de enxeñaría acústica	D00t14	1SG	6	14	4	18	16	.00	21	14	7	1	1	4	945	63	15,00	28,333333
G300532	Sistemas de audio	D00t14	1SG	6	7	1	8	8	.00	21	14	7	1	1	3	420	56	7,50	28,333333
G300533	Vídeo e televisión	D00t14	1SG	6	25	1	26	26	.00	21	14	7	2	2	2	1365	84	16,25	28,333333
G300541	Sistemas operativos	D00t13	1SG	6	38	20	58	43	.00	21	14	7	1	3	7	3045	112	27,19	28,333333
G300542	Arquitectura e tecnoloxía de redes	D00t13	1SG	6	37	17	54	42	.00	21	14	7	1	3	7	2835	112	25,31	28,333333
G300543	Seguridade	D00t13	1SG	6	37	14	51	42	.00	21	14	7	1	3	7	2677,5	112	23,91	28,333333
G300611	Circuitos de microondas	D00t14	2SG	6	11	15	26	12	.00	21	14	7	1	2	5	1365	84	16,25	28,333333
G300613	Principios de comunicacións dixitais	D00t14	2SG	6	15	32	47	17	.00	21	14	7	1	2	6	2467,5	91	27,12	28,333333
G300614	Infraestruturas ópticas de telecomunicación	D00t14	2SG	6	9	4	13	10	.00	21	14	7	1	1	3	682,5	56	12,19	28,333333
G300615	Redes e sistemas sen fíos	D00t14	2SG	6	12	2	14	13	.00	21	14	7	1	1	3	735	56	13,13	28,333333
G300616	Xestión do espectro radioeléctrico	D00t14	2SG	6	12	0	12	12	.00	21	14	7	1	1	3	630	56	11,25	28,333333

G300621	Instrumentación electrónica e sensores	D00t11	2SG	6	12	11	23	13	.00	21	14	7	1	1	4	1207,5	63	19,17	28
G300622	Deseño microelectrónico	D00t11	2SG	6	14	1	15	15	.00	21	14	7	1	1	3	787,5	56	14,06	28
G300623	Sistemas electrónicos para comunicacións dixitais	D00t11	2SG	6	15	0	15	15	.00	21	14	7	1	1	3	787,5	56	14,06	28
G300624	Electrónica analóxica	D00t11	2SG	6	19	0	19	19	.00	21	14	7	1	1	4	997,5	63	15,83	28
G300625	Electrónica de potencia	D00t11	2SG	6	20	5	25	23	.00	21	14	7	1	2	4	1312,5	77	17,05	28
G300631	Tecnoloxía audiovisual	D00t14	2SG	6	15	2	17	17	.00	21	14	7	1	1	3	892,5	56	15,94	28
G300632	Fundamentos de procesado de imaxe	D00t14	2SG	6	22	0	22	22	.00	21	14	7	1	1	1	1155	42	27,50	28
G300633	Sistemas de imaxe	D00t14	2SG	6	21	0	22	21	.00	21	14	7	1	1	1	1155	42	27,50	28
G300634	Procesado de son	D00t14	2SG	6	15	2	17	17	.00	21	14	7	1	1	3	892,5	56	15,94	28
G300635	Acústica arquitectónica	D00t14	2SG	6	16	1	17	17	.00	21	14	7	1	1	2	892,5	49	18,21	28
G300641	Programación concorrente e distribuída	D00t13	2SG	6	33	2	35	35	.00	21	14	7	1	2	6	1837,5	91	20,19	28
G300642	Teoría de redes e conmutación	D00t13	2SG	6	37	26	63	42	.00	21	14	7	1	3	7	3307,5	112	29,53	28
G300643	Redes multimedia	D00t13	2SG	6	35	4	39	39	.00	21	14	7	1	2	7	2047,5	98	20,89	28
G300644	Sistemas de información	D00t13	2SG	6	30	6	36	34	.00	21	14	7	1	2	7	1890	98	19,29	28
G300645	Arquitecturas e servizos telemáticos	D00t13	2SG	6	30	8	38	34	.00	21	14	7	1	2	7	1995	98	20,36	28
4º Curso																			
G300801	Xestión e dirección tecnolóxica	D00t13	2SG	6	68	3	71	71	.00	28	28	0	2	2	0	3727,5	112	22,19	74,66667
		D00t14	2SG				0	0	.00	28	28	0	0	2	0	0	56		
G300802	Laboratorio de proxectos	D00t11	2SG	12	73	4	77	77	.00	0	0	14	0	0	5	8085	70	32,08	28
		D00t13	2SG				0	0	.00	14	0	14	1,5	0	5	0	91		
		D00t14	2SG				0	0	.00	14	0	14	1,5	0	5	0	91		
		D00t17	2SG				0	0	.00	0	0	14	0	0	0	0	0		
G300911	Teledetección	D00t14	1SG	6	10	0	10	10	.00	21	14	7	1	1	2	525	49	10,71	28
G300912	Sistemas de navegación e comunicacións por satélite	D00t14	1SG	6	7	0	7	7	.00	21	14	7	1	1	2	367,5	49	7,50	28
G300913	Procesado dixital en tempo real	D00t14	1SG	6	8	0	8	8	.00	21	14	7	1	1	2	420	49	8,57	28
G300914	Comunicacións dixitais	D00t14	1SG	6	4	0	4	4	.00	21	14	7	1	1	1	210	42	5,00	28
G300915	Fundamentos de bioenxeñaría	D00t14	1SG	6	10	0	10	10	.00	21	14	7	1	1	2	525	49	10,71	28
G300921	Deseño de aplicacións con microcontroladores	D00t11	1SG	6	5	1	6	5	.00	21	14	7	1	1	1	315	42	7,50	28
G300922	Dispositivos optoelectrónicos	D00t11	1SG	6	3	1	4	3	.00	21	14	7	1	1	1	210	42	5,00	28
G300923	Deseño e síntese de sistemas dixitais	D00t11	1SG	6	1	0	1	1	.00	21	14	7	1	1	1	52,5	42	1,25	28
G300924	Sensores electrónicos avanzados	D00t11	1SG	6	6	0	6	6	.00	21	14	7	1	1	1	315	42	7,50	28
G300925	Comunicacións industriais	D00t11	1SG	6	4	0	4	4	.00	21	14	7	1	1	1	210	42	5,00	28
G300931	Procesado e análise de imaxe	D00t14	1SG	6	9	1	9	10	.00	21	14	7	1	1	1	472,5	42	11,25	28
G300932	Tecnoloxía multimedia e computer graphics	D00t14	1SG	6	7	2	9	8	.00	21	14	7	1	1	2	472,5	49	9,64	28
G300933	Acústica avanzada	D00t14	1SG	6	1	0	1	1	.00	21	0	7	1	0	1	52,5	28	1,25	28
		D00t17	1SG			1	0	0	.00	0	14	0	0	1	0	0	14		
G300934	Técnicas de medida de ruído e lexislación	D00t14	1SG	6	5	2	7	5	.00	21	14	7	1	1	2	367,5	49	7,50	28
G300935	Produción audiovisual	D00t14	1SG	6	9	1	10	10	.00	21	14	7	1	1	2	525	49	10,71	28
G300941	Servizos multimedia	D00t13	1SG	6	8	0	8	8	.00	21	14	7	1	1	2	420	49	8,57	28
G300942	Redes sen fíos e móbiles	D00t13	1SG	6	11	0	11	11	.00	21	14	7	1	1	2	577,5	49	11,79	28
G300943	Programación de sistemas intelixentes	D00t13	1SG	6	25	1	26	26	.00	21	14	7	1	2	4	1365	77	17,73	28
G300944	Deseño de sistemas integrados	D00t13	1SG	6	17	1	18	18	.00	21	14	7	1	2	4	945	77	12,27	28
G300945	Novos servizos telemáticos	D00t13	1SG	6	6	1	7	6	.00	21	14	7	1	1	2	367,5	49	7,50	28
G300981	Prácticas externas: Prácticas en empresa I		1SG	6			0	0	.00	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00	0
G300982	Prácticas externas: Prácticas en empresa II		1SG	6			0	0	.00	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00	0
G300991	Traballo de Fin de Grao		2SG	12			0	0	.00	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00	0
				498						1876	1428	420			181	268170	9583	27,98	29,911647

Bachelor in Telecommunications Engineering

Courses

Academic Year: 2019/2020

Código	Contido	Área/Dep.	Cuad.	Cred.	N.Nv	N.Rep	N.To	N.Ef	N.LE	HA	HB	HC	GA	GB	GC	H.Matric	H.I.	TMG	Pres
1º Curso																			
G306101	Matemáticas: Álgebra lineal	D00t17	1SG	6	20	5	25	23	.00	42	14	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306102	Matemáticas: Cálculo I	D00t17	1SG	6	20	5	25	23	.00	42	14	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306103	Física: Fundamentos de mecánica e termodinámica	D00t08	1SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306104	Empresa: Fundamentos de empresa	D00x09	1SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306105	Programación I	D00t13	1SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306106	Matemáticas: Cálculo II	D00t17	2SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306107	Matemáticas: Probabilidade e estatística	D00t14	2SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306108	Física: Análise de circuitos lineais	D00t14	2SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306109	Informática: Arquitectura de ordenadores	D00t13	2SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306110	Programación II	D00t13	2SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306110	Programación II	D00t13	1SG	6	20	5	25	23	.00	28	28	0	1	1	0	1312,5	56	23,44	37,333333
G306201	Física: Fundamentos de electrónica	D00t11	1SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306202	Física: Campos e ondas	D00t14	1SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306203	Electrónica dixital	D00t11	1SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306204	Comunicación de datos	D00t13	1SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306205	Procesado dixital de sinais	D00t14	1SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306206	Tecnoloxía electrónica	D00t11	2SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306207	Transmisión electromagnética	D00t14	2SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306208	Técnicas de transmisión e recepción de sinais	D00t14	2SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306209	Fundamentos de son e imaxe	D00t14	2SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
G306210	Redes de ordenadores	D00t13	2SG	6	15	0	15	15	.00	28	28	0	1	1	0	787,5	56	14,06	37,333333
				126						616	560	0			0	22313	1176	18,97	37,333333

Resumo de horas por departamento

Código	Nome	Horas	%	Horas matrícula	%
	D00t08 - Física aplicada	364	3,38%	8505	2,97%
	D00t11 - Tecnoloxía electrónica	1939	18,02%	49087,5	17,13%
	D00t13 - Enxeñaría telemática	3521	32,73%	99540	34,74%
	D00t14 - Teoría do sinal e comunicacións	3584	33,31%	84105	29,35%
	D00t17 - Matemática aplicada II	966	8,98%	35332,5	12,33%
	D00x09 - Organización de empresas e márketing	336	3,12%	9450	3,30%
	D00x14 - Comunicación audiovisual e publicidade	49	0,46%	525	0,18%
		10759		286545	

ANEXO IV

**Criterios de reparto das horas asignadas á
Dirección da Escola por recoñecemento de
apoio ás actividades de docencia**

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Asignación das horas correspondentes no curso 2019/20 ás:

Bolsa de recoñecementos de actividades de xestión docente dos centros, do Máster Enx. Teleco e do Máster Ciberseguridade.

Horas na bolsa do centro: 354 horas (378)

Horas na bolsa do MET: 59 horas (83)

Horas na bolsa do MCS: 40 horas (54)

Proposta de criterios de reparto:

1. Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
 - a. Coordinación de Grao: 38 horas
 - b. Coordinación dos módulos do Grao:
 - i. Formación Básica e Telecomunicación: 17 horas
 - ii. Proxectos e TFG: 15 horas
 - iii. Resto: 12 horas
 - c. TFG:
 - i. Membro de tribunal: 3 horas (para cada un dos 12 membros dos tribunais ordinarios do curso 2017/18)
2. Máster en Enxeñaría de Telecomunicación
 - a. Coordinación de Máster: 30 horas
 - b. Coordinación de módulo de Máster:
 - i. Comúns: 15 horas
 - ii. Especialidades: 10 horas
 - c. TFM
 - i. Coordinación de TFM: 5 horas
 - ii. Membro de tribunal: 2 horas (para cada un dos 12 membros dos tribunais do curso 2017/18)
3. Máster en Ciberseguridade
 - a. Coordinación de Máster: 30 horas
 - b. Coordinación de módulo de Máster: 10 horas
 - c. Coordinador de TFM: 5 horas
4. Xeral
 - a. Coordinador de Prácticas en Empresa (GETT e MET): 30 horas
 - b. Coordinador do PAT: 20 horas
 - c. Coordinador de Mobilidade (GETT e MET): 10 horas
 - d. Coordinador de Calidade (GETT e MET): 10 horas
 - e. Coordinador de Obradoiros: 10 horas
 - f. Enlace Igualdade: 5 horas
 - g. Curso Cero: 3 horas (dúas persoas)